B6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kv ≥ U > 72,5 kv	Triple Circuito	116,509	20,621	2,913	1,031	0,516
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B7	Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kv ≥ U > 52 kv	Simple Circuito	57,468	24,187	1,437	1,209	0,605
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B8	Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kv ≥ U > 52 kv	Doble Circuito	76,417	32,162	1,910	1,608	0,804
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B9	Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kv ≥ U > 52 kv	Triple Circuito	88,475	37,237	2,212	1,862	0,931
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2

GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN							
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN (NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE VUELO CONDUCTO RES (Euros/ml) [H=GxC]	BASE IMPONIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G]	TARIFA ZONA DE VUELO CONDUCTORES Base imponible vuelo de conductores x Tipo impositivo vuelo 2,5% (Euros/ml) [J=H*2,5/100]	TARIFA ZONA DE APOYO Base imponible apoyo x Tipo impositivo apoyo 5% (Euros/m2) [K=I*5/100]	TARIFA ZONA DE APOYO (CON VUELO CONDUCTORES) Base imponible apoyoxTipo impositivo apoyo 2,5%. (Euros/m2) [L=I*2,5/100]
C1	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Simple Circuito	52,000	21,885	1,300	1,094	0,547
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Doble Circuito	69,144	29,101	1,729	1,455	0,728
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Triple Circuito	80,053	33,692	2,001	1,685	0,842
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Simple Circuito	33,684	19,370	0,842	0,968	0,484
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Doble Circuito	44,787	25,755	1,120	1,288	0,644
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Triple Circuito	51,853	29,818	1,296	1,491	0,745
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D1	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Simple Circuito	32,546	18,715	0,814	0,936	0,468
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Doble Circuito	38,950	22,398	0,974	1,120	0,560
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Triple Circuito	45,094	25,931	1,127	1,297	0,648
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Simple Circuito	26,364	17,187	0,659	0,859	0,430
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Doble Circuito	35,054	22,852	0,876	1,143	0,571
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Triple Circuito	40,584	26,457	1,015	1,323	0,661
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D7	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Simple Circuito	23,438	15,450	0,586	0,773	0,386
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D8	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Doble Circuito	31,163	20,542	0,779	1,027	0,514
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D9	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Triple Circuito	36,078	23,783	0,902	1,189	0,595
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN				
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN (NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
A1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Simple Circuito	444,735	22,237
A2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Doble Circuito	864,743	43,237
A3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Simple Circuito	444,735	22,237
A4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Doble Circuito	86,243	4,312
B1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220 \text{Kv} > U > 123$ Kv	Simple Circuito	352,880	17,644
B2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220 \text{Kv} > U > 123$ Kv	Doble Circuito	589,438	29,472
B3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220 \text{Kv} > U > 123$ Kv	Triple Circuito	772,796	38,640
B4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123 \text{ kV} \geq U > 72,5$ kV	Simple Circuito	332,325	16,616
B5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123 \text{ kV} \geq U > 72,5$ kV	Doble Circuito	554,975	27,749
B6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123 \text{ kV} \geq U > 72,5$ kV	Triple Circuito	727,779	36,389
B7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5 \text{ kV} \geq U > 52$ kV	Simple Circuito	200,637	10,032
B8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5 \text{ kV} \geq U > 52$ kV	Doble Circuito	335,058	16,753
B9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5 \text{ kV} \geq U > 52$ kV	Triple Circuito	565,781	28,289

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN				
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN (NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
C1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $52 \text{ kV} \geq U > 36 \text{ kV}$	Simple Circuito	181,530	9,076
C2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $52 \text{ kV} \geq U > 36 \text{ kV}$	Doble Circuito	303,149	15,157
C3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $52 \text{ kV} \geq U > 36 \text{ kV}$	Triple Circuito	511,898	25,595
C4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $36 \text{ kV} \geq U > 24 \text{ kV}$	Simple Circuito	67,980	3,399
C5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $36 \text{ kV} \geq U > 24 \text{ kV}$	Doble Circuito	113,522	5,676
C6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $36 \text{ kV} \geq U > 24 \text{ kV}$	Triple Circuito	148,867	7,443
D1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $24 \text{ kV} \geq U > 17,5 \text{ kV}$	Simple Circuito	59,114	2,956
D2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $24 \text{ kV} \geq U > 17,5 \text{ kV}$	Doble Circuito	98,716	4,936
D3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $24 \text{ kV} \geq U > 17,5 \text{ kV}$	Triple Circuito	129,451	6,473
D4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $17,5 \text{ kV} \geq U > 12 \text{ kV}$	Simple Circuito	53,204	2,660
D5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $17,5 \text{ kV} \geq U > 12 \text{ kV}$	Doble Circuito	88,845	4,442
D6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $17,5 \text{ kV} \geq U > 12 \text{ kV}$	Triple Circuito	116,507	5,825
D7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $12 \text{ kV} \geq U \geq 1 \text{ kV}$	Simple Circuito	47,293	2,365
D8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $12 \text{ kV} \geq U \geq 1 \text{ kV}$	Doble Circuito	78,974	3,949
D9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $12 \text{ kV} \geq U \geq 1 \text{ kV}$	Triple Circuito	103,562	5,178

GRUPO II. GAS E HIDROCARBUROS			
TIPO	INSTALACIÓN	BASE IMPONIBLE (Euros/unidad de medida) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
A	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro D ≤ 4 pulgadas	24,722	1,236
		euros/mL	euros/ml
B	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 4 < D ≤ 8 pulgadas	74,103	3,705
		euros/mL	euros/ml
C	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 8 < D ≤ 12 pulgadas	123,423	6,171
		euros/mL	euros/ml
D	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 12 < D ≤ 16 pulgadas	172,784	8,639
		euros/mL	euros/ml
E	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 16 < D ≤ 20 pulgadas	222,104	11,105
		euros/mL	euros/ml
F	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 20 < D ≤ 25 pulgadas	271,465	13,573
		euros/mL	euros/ml
G	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 25 < D ≤ 30 pulgadas	320,785	16,039
		euros/mL	euros/ml
H	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 30 < D pulgadas	370,105	18,505
		euros/mL	euros/ml
I	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de hasta 10 m ³ .	3177,051	158,853
		euros/ud	euros/ud
J	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de 10 m ³ o superior.	15885,254	794,263
		euros/ud	euros/ud

”

RECURSOS: Contra esta ordenanza pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co previsto no art. 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Castro de Rei, 8 de xullo de 2022.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

CASTROVERDE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 7 de xullo de 2022 aprobouse a creación de selo electrónico do Concello de Castroverde que poderá ser utilizado nos procesos de tramitación automatizada, con carácter xeral: cantas actuacións e procedementos atópanse incorporados en cada momento, con carácter automatizado, na plataforma de administración electrónica do Concello de Castroverde e/ou na súa sede electrónica e con carácter específico as determinadas en dito acordo <https://concellocastroverde.sedelectronica.es>

O acordo pode ser consultado na web municipal (<https://concellodecastroverde.gal/>) e no taboleiro electrónico de anuncios do Concello.

Castroverde, 7 de xullo de 2022.-O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1947

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 29/06/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a xuño 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes xuño 2022 terá lugar neste municipio dende o día 29 de xuño de 2022 ata o día 29 de xullo de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 29 de xullo de 2022.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 1949

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 27/06/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio do 2022 terá lugar neste municipio dende o día 27 de xuño de 2022 ata o día 26 de agosto de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 29 de xullo de 2022.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 1950

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño do 2022 prestou aprobación á modificación do PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL do Concello de Monforte de Lemos.

PRIMEIRO.- MODIFICAR o artigo 7 do PREZO PUBLICO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA GARDERÍA MUNICIPAL quedando redactados do seguinte xeito:

ARTIGO -7- EXENCIONS

- a) *Ao neno ou nena para o que se solicitou a praza na Escola Infantil Municipal aplicaráselle o 100% de bonificación das cantidades correspondentes a cota de matrícula e a atención educativa segundo o establecido na disposición adicional novena de la Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servicios sociais de Galicia mentres a mesma estea en vigor.*
- b) *As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.*
- c) *Estes cambios se adaptaran a calquera variación normativa que adopte a Xunta de Galicia para o Curso 2022-2023.*

SEGUNDO.- As devanditas modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e entrarán en vigor o día 1 de setembro de 2022.

Monforte de Lemos, 4 de xullo de 2022.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 1951

MURAS*Anuncio***MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Vista a necesidade do Concello de poñer en marcha o PROGRAMA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS CAMPAÑA 2022.

Visto o Informe de Secretaría de data 07.07.2022,

No uso das atribucións que me confire o artigo. 21. 1 s) da LRBR

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o programa de carácter temporal “PROGRAMA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS CAMPAÑA 2022”.

SEGUNDO. Aprobar as bases de selección para contratación de 1 xefe/a de brigada como funcionario/a interino/a por programa por un período de tres meses, Escala Administración especial, subescala técnica, xefe/a de brigada grupo B, coas retribucións propias da súa categoría, así como convocar as correspondentes probas.

BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE 1 XEFE/A DE BRIGADA COMO FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMA POR UN PERIODO DE TRES MESES CON CARGO AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ASINADO CA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E O CONCELLO DE MURAS

1ª.- Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria, a contratación mediante concurso-oposición, de 1 xefe/a de brigada como funcionario interino por programa por un período de tres meses, Escala Administración especial, subescala técnica, xefe/a de brigada, grupo B.

2ª.- Características da praza

a) Denominación da praza: xefe/a brigada.

b) Grupo de titulación: GRUPO B

c) OUTRAS CARACTERISTICAS

- Escala: B

- Salario grupo B: 936,25€

- Nivel C.D.: 390,85 (nivel 16).

- Nivel C.E.: 200,00€

A finalidade da contratación deste persoal e a realización de funcións propias da súa categoría para a execución do proxecto de emprego financiado con cargo a subvención procedente do convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Muras, realización de informes, memorias, tramitación e xestión de expedientes, e coordinación de traballos na súa área: traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais, labores encamiñadas a prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse de conformidade co establecido no Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Muras.

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite, segundo as necesidades do servizo).

A xornada de traballo será completa e o horario será fixado polo Servizo de Incendios da Xunta de Galicia ou pola Alcaldía.

3ª.- Sistema de provisión.

Concurso-oposición, quenda libre.

4º.- Requisitos dos solicitantes.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir todas e cada unha das seguintes condicións:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaránse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.
- d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- f) Os nacionais dos demais estados membro da Unión Europea ou os daqueles que teñan suscrito Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu estado o acceso á función pública.
- g) Pagar a taxa polo dereito de examen por importe de 6,00€ (excepto desempregados, previa xustificación), na seguinte conta do Concello, especificando no ingreso o nome e apelidos do participante, así como a praza á que aspira. CAIXA RURAL: ES71-3070-0021-7763-0726-2821
- h) Deberase acreditar o coñecemento do idioma galego coa presentación dos cursos de formación CELGA 3 ou a súa validación. No caso de non atoparse este requisito, deberán realizar unha proba de coñecemento do idioma.
- j) Titulación: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- k) Estar en posesión do carne de conducir tipo B.

O cumprimento das referidas condicións entenderase referido a data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

5ª.- Solicitudes.

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán formularse en instancia dirixida ó Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Muras no rexistro xeral do Concello de Muras ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

O horario de presentación no rexistro do Concello é de luns a venres de 8:00 a 14:00 horas.

Nas solicitudes farase constar:

- Manifestación de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira.
- Comprometerse, para o caso de resultar contratado, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.
- Currículum de méritos que se posúan e documentación xustificativa dos mesmos, co obxecto de valora-la súa aptitude para o desempeño do posto de traballo.

Tamén se presentará a documentación acreditativa dos méritos que se pretende sexan valorados e que figuran na base 7. A documentación a presentar será orixinal ou compulsada e aportarse de tal xeito que poida ser valorada convenientemente polo Tribunal Cualificador

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente dictará resolución, no prazo de cinco días, que se publicará na sede electrónica do Concello, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando un prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación de dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do artigo 68.1 da LPACAP. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de enmenda de defectos, o Alcalde-Presidente declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica do Concello. Na dita resolución fixarase o lugar, data e realización das probas e establecerase a composición do Tribunal cualificador.

6º.- Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador estará constituído por un Presidente, tres Vogais e un secretario que serán designados polo Alcalde-Presidente. O secretario será o da Corporación.

Designaranse suplentes, que en substitución dos titulares, integrarán o Tribunal.

Tódolos membros do Tribunal deberán ter titulación igual ou superior ao esixido para o posto convocado e a súa composición tenderá a ser paritaria ente homes e mulleres.

Os membros do Tribunales deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así mesmo, poderán ser recusados polos aspirantes cando concorran causas previstas no artigo 24 da dita Lei.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de mais da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario, na súa ausencia o Presidente será substituído polo vocal de maior idade e o Secretario polo vocal de menor idade.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que o estimen necesario. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas.

O Tribunal terá a categoría correspondente ó establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, percibindo os seus membros e asesores pola asistencia ás sesións as contías establecidas en dito Real Decreto.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros asistentes, as dúbidas e incidencias que se produzan na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do procedemento de selección, así como adoptar as medidas necesarias ao efecto.

7º.- Selección de aspirantes.

A hora e lugar de inicio das probas será publicada na sede electrónica do Concello de Muras. Os anuncios relativos ao desenvolvemento de probas, data, hora e resultados posteriores publicaranse na sede electrónica do Concello.

Poderase realizar no mesmo día máis dunha proba da fase de oposición.

A selección de aspirantes realizarase nas seguintes fases:

7.1 Primeira fase, oposición.

Para poder realizar o exercicio da oposición os aspirantes deberán ir provistos dun documento identificativo da persoa (DNI ou semellante), e bolígrafo de cor azul. O procedemento selectivo consistirá na realización dos seguintes exercicios:

a) Contestación escrita a un test proposto polo tribunal sobre o programa do Anexo da convocatoria. O tempo máximo de realización será de dúas horas e a puntuación máxima será de 40 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 20 puntos. O Total de preguntas a formular, con tres respostas alternativas, das que unha delas será a correcta, será de 40. Cada pregunta acertada puntuarase con 1 punto. As respostas incorrectas ou non contestadas non restarán puntos.

b) Realización dunha proba práctica proposta polo Tribunal relacionada cos traballos a realizar, que constara de un ou varios exercicios prácticos nos que se avaliará o coñecemento e experiencia no desempeño do posto de traballo, entre 0 e 20 puntos. Será necesario acadar un mínimo de 10 puntos.

7.2 Exercicio común e obrigatorio par tódolos candidatos que non acrediten o coñecemento do galego no nivel Celga 3 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

7.3 Segunda fase, concurso.- A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata

a dita data. Non se valorará ningún mérito que non estea presentado correctamente na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: (ata un máximo de 5 puntos):

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características noutra Administración Pública: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.
- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características no sector privado: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

No caso de servizos por conta allea, deberán presentarse obrigatoriamente os seguintes documentos: Informe de vida laboral e copia do/s contrato/s de traballos.

Estes documentos poden substituírse por un certificado de servizos expedido pola administración ou empresa privada, no que quede acreditado de forma clara e expresa, a ocupación, grupo de cotización, período traballado e número de horas da xornada laboral. No caso de autónomos, acreditarán a experiencia mediante o informe de vida laboral, así como o xustificante de alta no IAE, contrato de arrendamento de servizos, declaración responsable ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade realizada e o tempo de duración da mesma.

B) FORMACIÓN: (ata un máximo de 5 puntos):

Por cursos impartidos pola Administración Pública do Estado, Autonómica, Universitaria ou Local, relacionados directamente co posto de traballo a desenvolver co seguinte baremo:

- De 40 a 100 horas: 0,30 puntos.
- De 20 a 39 horas: 0,25 puntos.
- De 15 a 20 horas: 0,20 puntos.
- De 5 a 10 horas: 0,15 puntos.

Acreditaránse mediante copia do título ou certificado oficial acreditativo dos mesmos. Non se valorarán aqueles cursos que non teñan establecidas claramente as horas nin os que teñan máis de 15 anos de antigüidade

Non se puntuarán méritos que non se xustifiquen coa documentación expresada.

7.4 Cualificación final.

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na totalidade do proceso, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación. O Tribunal propondrá o nomeamento ao órgano correspondente dos aspirantes que acaden a maior puntuación.

Determinarase tamén unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que, tendo superado o proceso, non acaden suficiente puntuación para seren propostos. Esta lista de espera, elabórase aos efectos de cubrir posibles vacantes que se produzan ou ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, así como se se producira a baixa o renuncia dos seleccionados. A publicación das listas realizarase na sede electrónica do Concello. O rexeitamento na chamada provocará que o aspirante pase ao final da lista. En caso de empate, actuarase do seguinte xeito:

- 1º- maior puntuación na fase de oposición.
- 2ª- maior puntuación na fase de concurso.
- 3ª de persistir o empate, o mesmo resolverase mediante un sorteo.

A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

8º.- Presentación de documentos e formalización de contrato.

Con carácter previo a formalización do contrato os aspirantes seleccionados deberán realizar con cualificación de "APTO" a "proba do Banco" e realizar un recoñecemento médico que será realizada por empresa de prevención de riscos laborais.

Posteriormente deben xustificar adecuadamente no prazo máximo de tres días naturais contados a partir da proba do banco e do recoñecemento médico, que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas, a tal efecto, de non tela feito con anterioridade, deberán presenta-la seguinte documentación.

- Fotocopia do D.N.I.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista final establecida polo Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do Tribunal e achegada a documentación polos aspirantes propostos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo dentro do prazo de tres días.

9º.- Bolsa de traballo

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo (excluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos seleccionados. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

10º.-Protección de Datos de Carácter Persoal

O responsable do tratamento é o Concello de Muras, que tratará os datos persoais coa finalidade de xestionar o proceso selectivo correspondente, de acordo coa normativa vixente e as bases da convocatoria. A lexitimidade do tratamento baséase no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. De acordo co artigo 6.1 c) do RGPD, o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ó responsable do tratamento, así como para o cumprimento dunha misión realizada en interese público (artigo 6.1 e), segundo as competencias atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como pola normativa que regula o emprego público.

Os datos persoais serán conservados mentres poidan derivarse responsabilidades e durante os prazos de prescrición de reclamacións e/ou recursos.

Os datos persoais non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal ou por razón de interese público. Non obstante, serán publicados de acordo co establecido nas bases da convocatoria, segundo os principios de publicidade e transparencia recoñecidos na lexislación reguladora do acceso ó emprego público, tendo en conta o disposto pola normativa de Protección de Datos.

Non se realizarán transferencias internacionais de datos. Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación, cando procedan, ante o Concello de Muras, en Praza da Galeguidade, 4, 27836 Muras, Lugo, Lugo, ou a través da Sede Electrónica: <https://muras.sedelectronica.gal/>

11º.- Abstención e recusación.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

12º.- Recursos.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

TEMARIO

- 1.- COMPORTAMENTO DO LUME. INCENDIO FORESTAL. Definición de incendio forestal. Formas de propagación da calor no monte. Partes dun incendio. Formas dos incendios. Tipos de lume. Factores que inflúen no comportamento do lume
- 2.- EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS. Estados dos incendios. Organización preventiva e combativa. Combate do incendio. Técnicas de extinción. Accións tralo incendio: o relevo
- 3.- SEGURIDADE PERSOAL. Uniforme e equipo de protección persoal. Precaucións xerais. Precaucións no uso de ferramentas manuais. Precaución no emprego de ferramentas a motor de vehículos motobomba, de maquinaria pesada, de medios aéreos, e no transporte. Precaución nos contralumes. Precaucións ó manexar retardantes
- 4.- ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORETAIS. Concepto, obxectivos e estrutura organizativa. Épocas de perigo. Organismos que interveñen e coordinación entre eles. Procedemento operativo
- 5.- AS COMUNICACIONES NO DISPOSITIVO CONTRA INCENDIOS. Canles e equipos empregados. Normas para o emprego da rede de transmisións
- 6.- O XEFE DE CUADRILLA. Funcións e reponsabilidades. A organización da cuadrilla. Actuación de xefe da cuadrilla durante a prevención e extinción de incendios
- 7.- PLADIGA
- 8.- PRIMEIROS AUXILIOS
- 9.- LEI 3/2007. DO 9 DE ABRIL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCEDNIOS FORESTAIS DE GALICIA
- 10.- COÑECEMENTO SOBRE O TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MURAS. Encadre territorial, poboación, parroquias e aldeas. Vías de titularidade municipal, autonómica e provincial

ANEXO : Modelo de declaración xurada.

D./Dona con DNI
e enderezo en r/
Municipio Código postal

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Segundo: que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de funcionario interino por programa por un prazo de tres meses: 1xefe/a de brigada para prevención e extinción de incendios, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

En Muras, a de de 2022.

(Asinado polo/a interesado/a)

Solicitud de admisión ao proceso selectivo: funcionario interino por programa por un prazo de tres meses: XEFE/A DE BRIGADA PARA PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS CAMPAÑA 2022.

D./Dona con DNI,
e enderezo en r/,
Municipio Código postal

EXPÓN:

1. Que tendo coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Muras para selección dun funcionario interino: xefe/a de brigada para prevención e extinción de incendios, acepta as bases da convocatoria que declara coñecer.

2. Declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira da convocatoria.

3. Que se compromete, para ó caso de resultar contratado/a, a respeta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.

4. Que achega coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Declaración xurada segundo o Anexo adxunto.
- Relación de méritos e documentación xustificativa dos mesmos para valoracións na fase de concurso.
- Copia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega segundo o establecido na base terceira (de selo caso).

.....
.....

Por todo exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente instancia e sexa admitido/a no proceso selectivo convocado.

Muras, a de de 2022.

(Asinado polo/a interesado/a)

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras

TERCEIRO. Publicar as mesmas no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello.

CUARTO. Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto legislativo 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais

Muras, 7 de xullo de 2022.- O Sr. Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, dona Silvia Lamelas Soto, como Secretaria dou fe. (Asinado aos efectos do artigo do 3 do RD 128/2018).

R. 1952

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno desta Corporación, de data 7 de xullo de 2022, o orzamento xeral, bases de execución, e cadro de persoal para o exercicio económico 2022, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días que empezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

De conformidade co acordo adoptado o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se formulan reclamacións.

Negueira de Muñiz, 8 de xullo de 2022.- O Alcalde, Manuel Braña Pereda.

R. 1953

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO CONTA XERAL 2021

Con data do 7 de xullo de 2022, a Comisión de Facenda e Especial de Contas ditaminou favorablemente a Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio orzamentario de 2021, que se expón ao público, xunto cos documentos que a xustifican, na Secretaria do Concello durante por espazo de quince días hábiles para que, durante ese prazo, os interesados poidan presentar reclamacións, reparos ou observacións, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por R.Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, segundo a nova redacción dada pola Lei 11/2020 de 30 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para 2021.

Negueira de Muñiz, 8 de xullo de 2022.- O Alcalde, Jose Manuel Braña Pereda.

R. 1954

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL DA IMPOSICIÓN E DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS NO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2022, acordou a aprobación provisional da imposición e da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos no concello de Negueira de Muñiz.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Durante o devandito prazo, o expediente estará a disposición dos interesados nas dependencias municipais e na web www.concellodenegueira.es. Se transcorrido o prazo establecido non se presentaran reclamacións, a ordenanza considerárase aprobada definitivamente.

Negueira de Muñiz, 7 de xullo de 2022.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1955

*Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL DA IMPOSICIÓN E DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ**

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2022, acordou a aprobación provisional da imposición e da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de liñas, colocación e utilización de contadores no concello de Negueira de Muñiz.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Durante o devandito PRAZO, o expediente estará a disposición dos interesados nas dependencias municipais e na web www.concellodenegueira.es. Se transcorrido o prazo establecido non se presentaran reclamacións, a ordenanza considerárase aprobada definitivamente.

Negueira de Muñiz, 7 de xullo de 2022.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1956

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL MEDIANTE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO NA MODALIDADE DE PROGRAMA ESPECÍFICO CON CARGO Ó PLAN DE HUMANIZACIÓN DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO**

POSTOS:

- **Postos de Oficial Segunda oficios - Carpinteiro.**
- **Postos de Oficial Primera oficios - Conductor.**
- **Postos de Oficial Segunda oficios - Conductor.**
- **Postos de peóns.**

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 8 de xullo de 2022.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1957

RÁBADE*Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 7 de xullo de 2022, adoptou o acordo de aprobación provisional da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS AUGA E HIDROCARBUROS do Concello de Rábade. En cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública, por un prazo de 30 días, para que os interesados o poidan examinar e presenten as reclamacións que estimen oportunas. No caso en que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 8 de xullo de 2022.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1958

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2022 o expediente de modificación de créditos Nº 7/2022, suplemento de crédito; en cumprimento do disposto no artigo

179.3 en relación co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ó público, por prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo expediente e presenta-las reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 8 de xullo de 2022.- O alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1959

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2022 o expediente de modificación de créditos 11/2022- expediente de transferencia de créditos- dentro do vixente Orzamento por importe de 26.370,00 € (Vinte e seis mil trescentos setenta euros).

Por medio do presente expónse ó público o expediente de modificación de créditos antedito, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presenta-las reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

